

# EU SON FUNDACIÓN

Boletín informativo da Fundación Breogán

Nº 13 4º trimestre 2025

## PROXECTO CRIS SEIJO

Seguimos reivindicando o deporte feminino

## MEMORIA CELESTE

Un exercicio de memoria viva do breoganismo

## PROXECTO AROS

Moito máis ca deporte

## NOVOS PROXECTOS

Sen Filtros  
Boccia Escolar Adaptada  
Deporte Seguro e Inclusivo

## NINGÚN ARO SEN REDE 25.26

Visitas a nove Centros Educativos lucenses





## CATRO ANOS CONSTRUINDO FUTURO

Este boletín recolle a actividade da Fundación Breogán correspondente ao último trimestre de 2025, un período especialmente significativo para nós. Neste trimestre cúmprese catro anos desde o inicio das actividades da Fundación, unha traxectoria marcada polo compromiso, a constancia e a vontade de contribuír de maneira útil á sociedade lucense.

Estes catro anos permítennos mirar atrás con orgullo, pero tamén constatar que este último trimestre foi, sen dúbida, o máis intenso e produtivo desde a creación da Fundación. Ao longo destes meses desenvolvemos un total de **13 proxectos**, algúns deles estruturados en varios subproxectos, e levamos a cabo 3 colaboracións, reforzando así o noso traballo en rede e a cooperación con outras entidades.

Este crecemento non só se reflicte nos números, senón tamén na diversidade das iniciativas impulsadas, na consolidación de liñas de traballo xa iniciadas e na apertura de novas oportunidades para seguir avanzando na nosa misión. Todo isto foi posible grazas ao esforzo do equipo humano da Fundación e á confianza das persoas e entidades que colaboran connosco.

Con este boletín queremos compartir os principais fitos deste trimestre excepcional, reafirmando o noso compromiso de seguir traballando con ilusión, responsabilidade e vocación de servizo nos vindeiros anos.



liga endesa



# CALENDARIO 25.26

## 2ª VOLTA



**31XAN X18**  
SABADO 18:00



**UCAM**  
UNIVERSIDAD

Club de Baloncesto

FOGAR DO BREOGAN

**07FEB X19**  
SABADO 21:00



**14FEB X20**  
SABADO 20:00



FOGAR DO BREOGAN

**08MAR X21**  
DOMINGO 12:30



**14MAR X22**  
SABADO 21:00



**22MAR X23**  
DOMINGO 13:00



FOGAR DO BREOGAN

**28MAR X24**  
SABADO 18:00



**05ABR X25**  
DOMINGO 18:00



FOGAR DO BREOGAN

**11ABR X26**  
SABADO 19:00



**19ABR X27**  
DOMINGO 17:00



FOGAR DO BREOGAN

**26ABR X28**  
DOMINGO 12:00



**02MAI X29**  
SABADO 21:00



**10MAI X30**  
DOMINGO 17:00



FOGAR DO BREOGAN

**13MAI X31**  
MERCORES 20:00



FOGAR DO BREOGAN

**16MAI X32**  
SABADO 18:00



**23MAI X33**  
SABADO 18:00

# Co Celeste PEITO



FOGAR DO BREOGAN

**29MAI X34**  
POR DEFINIR

# AROS

TODOS TEMOS UN ARO QUE ALCANZAR

**A** Fundación Breogán, co apoio da Vice deputación de Lugo e en colaboración con **COGAMI, Down Lugo, Raiolas, o Hospital de Día de Saúde Mental do HULA e Dano Cerebral Lugo**, presenta o Proxecto AROS, unha iniciativa social e inclusiva dirixida a persoas adultas con capacidades diferentes.

AROS nace coa vontade de ofrecer unha alternativa específica para a práctica do baloncesto como ferramenta de integración, benestar e desenvolvemento persoal. Este novo proxecto supón a evolución natural de Persoas, programa centrado ata agora en menores, ampliando así o seu alcance para dar resposta ás necesidades do colectivo adulto.

O proxecto AROS medra coa forza dun símbolo: o aro, como círculo que nos envolve, que nos une e que só se completa cando o pechamos entre todas e todos.

Tras unha primeira fase piloto no mes de xuño, demos os primeiros pasos confirmando o valor e o potencial da iniciativa. Neste trimestre avanzamos con decisión, abrindo o proxecto a catro vertentes fundamentais, camiños distintos pero complementarios cara á inclusión, á esperanza e ao futuro.



Os rapaces e rapazas de **Down Lugo** logo dun adestramento de AROS Futuro. **Paula Abuín** e **Maisa López** (adestradoras) e **María Piñeiro** (educadora social), son as encargadas, xunto con educadores das asociacións de levar a cabo este proxecto.

# Luz Vida Futuro Saúde

**AROS VIDA:** un espazo para a inclusión, a participación e a diversidade.

Aquí, o deporte convértese nunha linguaxe universal onde todas as persoas teñen cabida, independentemente das súas capacidades.

En colaboración con COGAMI Lugo, AROS Vida lembra que cada vida suma e merece ser compartida desde o movemento e a convivencia.

**AROS LUZ:** esta vertente representa a claridade e a esperanza que nacen do acompañamento.

Xunto con Raiolas Lugo e Dano Cerebral Lugo, AROS Luz ofrece apoio a persoas e familias que afrontan realidades complexas, promovendo espazos de recuperación, integración e benestar.

Unha luz que guía e recorda que nunca se está só no camiño.

**AROS FUTURO:** O futuro constrúese hoxe.

Esta vertente pon o foco nas persoas en etapa de desenvolvemento, acompañándoas no seu crecemento, formación e inclusión social.

En colaboración con Down Lugo, AROS Futuro é confianza no porvir: persoas con todo por diante, con dereito a soñar e avanzar no deporte, na sociedade e na vida.

**AROS SAÚDE:** Da man do Hospital de Día de Saúde Mental do HULA, AROS Saúde promove o benestar integral a través do deporte como ferramenta de apoio, equilibrio e crecemento persoal.

Un espazo onde corpo e mente traballan xuntos, reforzando a autoestima, a convivencia e a saúde emocional.



*O Proxecto AROS é moito máis ca deporte: é un círculo de valores, colaboracións e compromisos que se pecha grazas á unión entre entidades, familias e persoas. dependentemente das súas capacidades.*

# MEMORIA CELESTE

HISTORIA VIVA DO BREOGAN

O proxecto Memoria Celeste consolidouse como unha das iniciativas máis emotivas da Fundación Breogán. Nacido para preservar a historia viva do Club Baloncesto Breogán a través das voces das súas lendas, o proxecto segue tendendo pontes entre xeracións e fortalecendo o sentimento celeste.

Ao longo destes meses, o Pazo dos Deportes recibiu a figuras históricas que compartiron vivencias, valores e emocións coas novas xeracións: **Antonio Seral** e **Paco Basanta** inauguraron o proxecto nunha visita á Aula Pediátrica do HULA; **Pirulo** e **Miguel Moure Bourio** lembraron os primeiros ascensos que marcaron o nacemento da historia grande do club; **Xavi Roca** e **Suso Fernández** achegaron o talento e o romanticismo da etapa ACB; **Tomás Jiménez** e **Juan Corral** puxeron en valor a canteira e a formación.

Neste trimestre incorporáronse tamén dúas institucións do baloncesto lucense: **Tito Real**, capitán dos ascensos á ACB e símbolo de liderado breoganista, e **Fernando Fernández Allende**, pioneiro na formación e fundador do Ensino Lugo, referente pedagóxico e humano do deporte na cidade.

Cada encontro converteuse nun exercicio de memoria viva onde pasado e presente camiñan da man, demostrando que coñecer a nosa historia é a mellor maneira de inspirar o futuro.



# SEN FILTROS

#SENFILTROS  
o que de verdade vivimos a mocidade

## FALANDO CLARO DO QUE REALMENTE LLE PREOCUPA Á MOCIDADE

**D**urante este trimestre, a Fundación Breogán puxo en marcha, xunto con **El Proyecto de BANA**, o programa *#SenFiltros*, un ciclo de seis charlas dirixido ao alumnado da Educación Secundaria Obrigatoria para abordar, sen tabús, as realidades que máis preocupan á xuventude.

Bullying, ciberacoso, saúde mental, ansiedade, autoestima e prevención do suicidio son algúns dos temas tratados nun espazo seguro, próximo e adaptado á linguaxe actual da mocidade, onde a arte e o deporte se incorporan como ferramentas de expresión, acompañamento e benestar emocional.

### PRIMEIROS PASOS

O ciclo deu comezo o 17 de novembro no Colexio Maristas Lugo, marcando o inicio dun percorrido que continuará ao longo dos vindeiros meses por diferentes centros educativos da provincia.

As primeiras sesións foron impartidas por **Samuel Del Arbol**, quen abriu espazos de diálogo directo e respectuoso co alumnado de 1º da ESO, tanto no **Colexio Maristas Lugo** como no **IES Xograr Afonso Gómez** de Sarria. En cada encontro, os mozos e mozas puideron expresar inquedanzas, compartir experiencias e coñecer recursos para comprender o que senten e pedir axuda cando a precisan.

Con *#SenFiltros*, a Fundación Breogán reafirma o seu compromiso coa prevención, a escoita activa e a creación de contornas educativas onde falar claro tamén é unha forma de coidar.

Porque falar, crear e compartir tamén salva.



Proyecto de Bana



# NINGÚN ARO SEN REDE

EDUCACIÓN, DEPORTE E SUSTENTABILIDADE NAS AULAS

**A**rrincamos o 4º curso (2025/26) do proxecto Ningún Aro Sen Rede, unha iniciativa pioneira da Fundación Breogán, en colaboración coa **UNED Lugo** e **Ecoballution**, baseada na economía circular e na reciclaxe creativa de elementos de escritura en desuso.

Ao longo deste curso, o proxecto achegounos a 9 centros educativos de Lugo capital e provincia, compartindo co alumnado valores de coidado do medio ambiente, innovación, responsabilidade social e traballo en equipo. Cada visita convértese nun espazo de aprendizaxe práctica, onde a sustentabilidade se transforma nun xogo colectivo con impacto real.

**ECOBALLUTION**

**UNED**

LUGO

## NOVIDADE DO CURSO 2025/26

Co obxectivo de garantir unha participación máis xusta e equilibrada, o concurso de reciclaxe dividirase este ano en tres bloques, segundo o número de alumnos e alumnas de cada centro:

Centros con menos de **50** alumnos/as.

Centros de **51** a **150** alumnos/as.

Centros con máis de **150** alumnos/as.

Deste xeito, todos os centros compiten en igualdade de condicións, reforzando o espírito colaborativo e o compromiso coa sustentabilidade.

**FUNDACIÓN**  
Breogán



# Xogar, aprender e reciclar: pequenos xestos, grandes cambios

-50



-50



-50



51/150



51/150



51/150



51/150



+150



+150



# CRIS SEIJO

UNHA APOSTA SEGURA

Juan Corral, novo adestrador do Seijo Team, durante un encontro do equipo.

## Baloncesto feminino, empoderamento e comunidade

Durante este trimestre, a Fundación Breogán deu continuidade ao Proxecto Cris Seijo, unha iniciativa que promove o baloncesto feminino como ferramenta de benestar, encontro e empoderamento das mulleres.

Co apoio da **Vicedeputación de Lugo**, o proxecto segue medrando arredor de dúas vertentes complementarias. Por unha banda, a vertente socio-deportiva, con adestramentos semanais gratuítos dirixidos a mulleres maiores de 35 anos, creando un espazo aberto á participación, á aprendizaxe e ao compañeirismo. Por outra, a vertente deportiva, representada polo **Seijo Team**, que compite na Liga Galega de Veteranas da Federación Galega de Baloncesto.

Este trimestre tamén marcou o inicio dunha nova tempada cargada de ilusión. Os adestramentos arrancaron no CEIP Anexa de Lugo, abrindo as portas a todas as mulleres que desexen achegarse ao baloncesto nun ambiente próximo e acoledor.



Ao mesmo tempo, o Seijo Team iniciou a competición oficial, defendendo o título de campioas de liga e sumando xa as primeiras vitorias da tempada.

Un dos momentos máis destacados foi a incorporación de **Juan Corral** como adestrador do equipo. Un referente histórico do baloncesto lucense que achega experiencia, visión e compromiso, reforzando o crecemento deportivo e humano das xogadoras.

Pechamos o ano cun novo éxito colectivo: a conquista, por segundo ano consecutivo, do Torneo Interautonómico de Veteranas **NORTEO**, unha mostra máis de que o baloncesto feminino de veteranas segue gañando espazo, voz e recoñecemento.

O Proxecto Cris Seijo continúa demostrando que o deporte non entende de idades, senón de paixón, ilusión compartida e comunidade.

Raquel Asensio, xogadora do Seijo Team, en acción durante o Torneo Interautonómico NORTEO.

# PAZO ABERTO

## 2ª TEMPADA ABRINDO AS PORTAS DO BREOGANISMO

**D**emos comezo á segunda tempada do Proxecto Pazo Aberto, unha iniciativa desenvolvida xunto con **El Proyecto de BANA** e coa colaboración do **C.B. Breogán**, que ten como obxectivo achegar o baloncesto, os seus valores e o sentimento breoganista ao alumnado dos centros educativos da provincia de Lugo.

Seis centros educativos participan nesta tempada, vivindo o Pazo dos Deportes desde dentro e descubrindo a historia, os espazos e as persoas que fan do Breogán un símbolo da cidade.

As visitas deron comezo co **CPI Dr. López Suárez** de Friol, nunha xornada moi especial acompañada por dúas Lendas Celestes, **Miguel Moure Bourio** e **Manuel Fernández Rey "Pirulo"**, que compartiron co alumnado historias e lembranzas do baloncesto lucense. Posteriormente, o **CEIP Luis Pimentel** e o **Colexio Cervantes** de Lugo tamén participaron nesta experiencia, guiados por novas lendas breoganistas como **Tomás Jiménez**, **Juan Corral**, **Fernando Allende** e **Tito Real**.

En cada visita, os nenos e nenas percorren os recunchos máis emblemáticos do Pazo, coñecen os trofeos históricos, conversan cos xogadores do C.B. Breogán e viven en primeira persoa a emoción dunha casa que forma parte da memoria deportiva de Lugo.

O Proxecto Pazo Aberto continúa así abrindo portas á infancia, sementando valores de esforzo, pertenza e ilusión a través do deporte.



*O capitán do Breo, Erik Quintela facendo entrega de recordos aos profesores do CPI Dr. López Suárez na súa visita ao Pazo*

12



CPI Dr. López Suárez



CEIP Luis Pimentel



Colexio Cervantes

# BOCCIA ESCOLAR ADAPTADA

DEPORTE ADAPTADO, INCLUSIÓN POSIBLE

dano  
cerebral  
LUGO

## Centros educativos participantes

- Colexio Maristas Lugo
- CEIP de Nadela
- Colexio Diocesano A Milagrosa
- CEIP Anexa Lugo

**P**oñemos en marcha, xunto con **Dano Cerebral Lugo**, unha iniciativa pioneira para achegar o deporte adaptado aos centros educativos da cidade. O proxecto **Boccia Escolar Adaptada** desenvolve unha experiencia formativa e práctica en catro colexios de Lugo para dar a coñecer a boccia, deporte paralímpico con longa tradición en España.

O obxectivo é dobre: por unha banda, que o alumnado descubra unha modalidade deportiva adaptada; pola outra, fomentar a reflexión e a conciencia sobre as diferentes formas de discapacidade, especialmente o dano cerebral, rompendo cos prexuízos de “non poden” ou “non son capaces”. Porque o que realmente importa é comprender que, con regras e contornas axeitadas, todas as persoas poden participar.

O proxecto estrutúrase en dúas fases complementarias. Na primeira sesión, de carácter informativo, preséntase a boccia, os seus valores e as oportunidades que ofrece como deporte inclusivo. Na segunda, de carácter práctico, os nenos e nenas experimentan directamente o xogo, aprenden as regras e comprobán en primeira persoa que a inclusión tamén se constrúe xogando.

A primeira experiencia tivo lugar no Colexio Maristas Lugo, onde o alumnado coñeceu este deporte da man do traballador social **Pablo Freire** e puido compartir a actividade práctica con persoas usuarias de Dano Cerebral Lugo, nun encontro enriquecedor para ambas partes.

O proxecto continuará nos vindeiros meses con novas visitas a centros educativos, mantendo viva a aposta da Fundación Breogán por unha educación en valores, inclusiva e transformadora.

# EXPERIENCIA BREO

## CREANDO VINCULOS QUE DEIXAN PEGADA

**E**a man da empresa benefactora **Clínica García Rielo**, a Fundación Breogán achegouse durante a semana do 6 ao 12 de outubro á **Aula Pediátrica do HULA**, un espazo onde cada día se sementan forza, ilusión e esperanza.

Tivemos a oportunidade de coñecer de preto o traballo do persoal sanitario, que converte a estancia hospitalaria dos nenos e nenas nun entorno máis humano e acolledor. Desde a Fundación sentimos a responsabilidade —e tamén a leducia— de sumar a esta realidade, achegando apoio e novas experiencias que fan máis levadeira a súa rutina.

A semana culminou cun momento moi especial: o persoal sanitario foi convidado ao Pazo dos Deportes, asistindo desde o palco VIP da Fundación ao encontro entre o CB Breogán e o Valencia Basket. Nun dos descansos do partido, **Manuel García Rielo** fixo entrega dun recoñecemento ao equipo humano do HULA, símbolo da súa entrega e dedicación diaria.

Un xesto cheo de significado que reforzou a unión entre saúde, deporte e solidariedade.

**E**segunda experiencia do trimestre desenvolveuse do 17 ao 22 de novembro, en colaboración coa empresa benefactora **Grupo Ditrám**, achegándonos ao labor do **Centro San Vicente de Paúl**, entidade referente no acompañamento a persoas con discapacidade intelectual.

A visita ao Centro permitiu coñecer as súas instalacións e compartir unha xornada de convivencia coa súa comunidade. Contamos coa presenza dos xogadores do **CB Breogán Mihajlo Andrić e Jordan Sakho**, así como das Lendas Breoganistas **Xavi Roca, Suso Fernández e Antonio Seral**, que encheron o encontro de conversacións, sorrisos e paixón polo baloncesto.


A semana pechouse coa visita do Centro ao Pazo dos Deportes, onde asistiron ao partido entre o CB Breogán e o San Pablo Burgos desde o palco VIP da Fundación.

Nun dos descansos do encontro, **Rubén Gil**, xerente de Ditrám, fixo entrega dun recoñecemento ao Centro, recibido cun aplauso emocionado por todo o Pazo.

14



# Cando o deporte abre as súas portas, a sociedade medra máis unida, máis consciente e máis humana.



15

Durante este trimestre, a Fundación Breogán desenvolveu dúas novas edicións da Experiencia Breogán, unha iniciativa que achega o universo breoganista a realidades sociais diversas, creando pontes entre deporte, compromiso social e comunidade.

Un proxecto posible grazas ao apoio das empresas benefactoras que fan da responsabilidade social unha parte esencial da súa identidade.



# LUZ AO DEPORTE

HISTORIAS QUE INSPIRAN, VALORES QUE PERMANECEN

**D**esde 2022, o proxecto Luz ao Deporte da Fundación Breogán pon o deporte ao servizo da educación, achegando á mocidade experiencias reais de deportistas que inspiran dentro e fóra das pistas.

Entre setembro e decembro de 2025 celebrouse a 4ª edición do ciclo, con catro novas charlas nas que a mocidade lucense puido descubrir valores como o esforzo, a superación, o traballo en equipo, a motivación e a resiliencia. Máis de 300 estudantes participan cada ano neste programa, vivindo de preto testemuños que contribúen ao seu crecemento persoal e colectivo.

## ✦ Jarno Pousada e Antonio Serrat - 17 Outubro.

Dous destacados triatletas galegos que compartiron coa rapazada as súas experiencias de superación e disciplina. A charla foi conducida pola xornalista **María Nieto**, quen guiou un encontro próximo e inspirador.

Acompañaron a sesión **Esteban Gómez**, Director do Centro de Empresas de ABANCA, e **Javier Arias**, Delegado Territorial da Xunta de Galicia en Lugo.

**Luz ao Deporte é  
compromiso, aprendizaxe e  
futuro.**

**Unha iniciativa da Fundación  
Breogán coa colaboración da  
Xunta de Galicia e ABANCA.**





✦ **Tania Fernández García - 18 Novembro.**

Lucense, campioa do mundo de maratón en K2 e un dos grandes referentes do deporte galego actual. Durante o encontro, Tania compartiu co alumnado unha reflexión sincera sobre o camiño que hai detrás dos logros deportivos: horas de adestramento, disciplina, renuncias e, sobre todo, a capacidade de manter o equilibrio entre os seus tres piares fundamentais: deporte, estudos e relacións sociais.

O seu testemuño puxo en valor a importancia da constancia e da serenidade para avanzar cara ás metas persoais, lembrando á mocidade que os grandes soños constrúense paso a paso. A sesión estivo acompañada por **Javier Arias Fouz**, Delegado Territorial da Xunta de Galicia en Lugo, e **Carlos Teijeiro Pita**, Responsable de Banca Institucional de ABANCA en Lugo, reforzando o compromiso institucional co deporte e coa formación das novas xeracións.

17

✦ **Francis Alonso - 17 Decembro.**

O ciclo pechouse cun encontro especialmente emotivo co xogador do **CB Breogán**, quen compartiu coa rapazada non só a súa traxectoria deportiva, senón tamén o seu percorrido persoal.

Francis puxo o acento na necesidade de seguir formándose máis aló do deporte, de coidar as amizades e de manter sempre os pés na terra, mesmo cando se cumpren soños que parecen inalcanzables. O seu regreso a España e ao CB Breogán foi presentado como unha elección consciente: volver ás orixes para seguir medrando rodeado dos seus e defendendo as cores da súa casa.

Unha charla próxima, inspiradora e chea de aprendizaxes, que pechou esta edición de Luz ao Deporte cunha mensaxe clara á mocidade: soñar é importante, pero traballar cada día para conseguilo é imprescindible.



# COMPROMISO SOCIAL

## TRES PROXECTOS QUE DEFINEN A NOSA ESENCIA

### Ícaro · Nova tempada en marcha

Comezaron os adestramentos do Proxecto Ícaro, coa colaboración da **Vicepresidencia da Deputación de Lugo**. Formación, inclusión e deporte como motor de transformación.

Novidade desta tempada: **Noel Fernández** incorpórase como novo adestrador á fronte do proxecto.

O proxecto segue abrindo horizontes máis aló do baloncesto. Nesta ocasión, sesión de tenis de mesa co **Club A Milagrosa**, fomentando aprendizaxe, convivencia e traballo en equipo.



18

### Persoas · Reencontros

Arrinca unha nova tempada do Proxecto Persoas, con reencontros, ilusión e comunidade no Pazo.

**Raquel Asensio** incorpórase como nova adestradora xunto a **María Piñeiro**.

Sesións compartidas con **Muller en Forma** e **Boxing Club Lugo**, demostrando que o deporte conecta, integra e transforma.



### Grazas A-Vós · Nova tempada

Retómanse as actividades nas residencias Públicas da **Xunta de Galicia** en Lugo, **As Gándaras** e **A Milagrosa**.

Movemento, estimulación e afecto para os nosos maiores, guiados por **María Piñeiro** e coa incorporación de **Raquel Asensio**.



**Na Fundación Breogán cremos no deporte como ponte entre persoas, xeracións e oportunidades. Seguimos sumando.**

**FUNDACIÓN**  
*Breogán*



CONGELADOS  
SARRIANOS, S.L.

# CONGELADOS SARRIANOS

Empresa Colaboradora

**Congelados Sarrianos S.L.**  
Rúa Betote de Arriba 56  
27617 – Sarria (Lugo)  
 [www.congeladossarrianos](http://www.congeladossarrianos)

# EU SON FUNDACIÓN

BOLETÍN INFORMATIVO DA FUNDACIÓN BREOGÁN

Se desexas formar parte da **FUNDACIÓN BREOGÁN**, tanto como empresa ou socio benefactor e ser partícipe de tódolos nosos proxectos, tes a opción de unirse a nós en [www.fundacionbreogan.org](http://www.fundacionbreogan.org).

Creemos firmemente no deporte como ferramenta de transformación social, contribuíndo así a unha sociedade máis xusta, integradora e onde os máis novos sexan educados na base de valores como o esforzo, superación, perseverancia, igualdade, respecto, deportividade, solidariedade, etc. Sé parte do cambio e da con nós ***O seguinte paso no sentimento*** breoganista.



Concello de Lugo  
ALCALDÍA



XUNTA  
DE GALICIA

galicia



DEPUTACIÓN  
DE LUGO



Deportes

VICEPRESIDENCIA

Río  
DE GALICIA



DITRAM  
GRUPO ANGAL  
AUTOMOCION



Albia  
FUNERARIA FERNÁNDEZ



García Rielo  
CLÍNICA DENTAL



Transportes  
VALIN E HIJOS  
[www.transportesvalin.com](http://www.transportesvalin.com)

PAZO DE VILANE  
GALICIA



CANDELAS



FORESTAL  
PENINSULAR S.L.

nor  
Cont@ct

UNICÓPIA



CONGELADOS  
SARRIÁNOS, S.L.

KIDS&US  
my English-Lugo

Serge

agro  
mera

SERIEO  
GRAFÍA

vazmar

CAIXA RURAL  
GALEGA



Grupo Dill  
INSERCIÓN LABORAL

fincasLugo  
A No Inverniz! Lago Torres